



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).
Ref. M/C

E-mail: mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e nove de maio de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a Concelleira do Partido Popular D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e asiste como interventora acctal. D^a. Dolores Sartal Alvariñas e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3675.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 24 DE ABRIL DE 2012 NÚMERO 471.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria o día 24 de abril de 2012 número 471 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

Neste momento entra no Salón a Concelleira do Grupo Municipal Socialista D^a. Consuelo Besada Lores.

3676- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria Xeral presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3668.- INTERVENCIÓN- TESOURERÍA, INFORME TRIMESTRAL RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado aos Departamentos de Intervención e Tesourería e comunicouse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e aos da Comunidade Autónoma de Galicia; 3669.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO PRESENTADA POR EMILIANA ESPERÓN SAMPAYO, EXP. 224/10 DE URBANISMO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado aos Departamentos de Intervención, Tesourería e Urbanismo e notificouse á interesada; 3670.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN DA PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao

Departamento de Patrimonio do Concello, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3671.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSOE E BNG, RELATIVA ÁS MEDIDAS RESPECTO DA SECA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia; 3672.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSOE E BNG, RELATIVA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Traballo e Benestar; 3673.- URBANISMO, APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3674.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención.”

A Corporación dáse por enterada.

3677.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que forman parte da orde do día e non formulándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

Neste momento entra no Salón o Concelleiro do Grupo Municipal Popular D. Alberto Villaverde Méndez

3678.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 9/2012, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTES DE CRÉDITOS PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 21 de maio de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do informe da interventora accidental de data 11 de maio de 2012 e da proposta da Alcaldía á Comisión de Facenda de data 11 de maio de 2012.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 2 votos en contra do P.P. acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: “Primeiro: levantar os reparos suspensivos formulados pola interventora Accidental no seu informe, por falta de crédito para levar a cabo a aprobación das facturas que figuran relacionadas no expediente así como por non haberse realizado modificación do contrato de obra “Reurbanización Camiño San Roque-Camiño de Laxe en Combarro-Poio” pola que se emite unha nova factura de obras executadas a maiores a empresa adxudicataria do contrato “Conmer Maside, S.L.” por importe de 16.726,74 € e que figura incluída na relación de facturas. Segundo: aprobar a modificación orzamentaria núm. 9/2012, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 13.681,46 €. Terceiro: aprobar os cambios de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiación afectada que se expoñen a continuación: “Vertebración comercio urbano, importe 395,19”, “investimentos en saneamento. Importe 1.570,93”, “Subministro material eléctrico A Seca. Importe 72,77”, “Casa de cultura de Raxó. Importe 478,66”, “equipamento informático. Importe 45,35”, “investimentos en pavimentacións. Importe 118,92” investimentos rehabilitación muiños e lavadoiros. Importe 49,06”, “saneamento Rúa Oliveira, importe 9.676,86€; ”, “Pista deportiva de Raxó. Importe 1.398,94” “acondicionamento praza de Samieira. Importe 600,00”, “Asfaltado travesía da Escola. Importe 2.206,65”, “Mobiliario oficina de turismo. Importe 42,76€, e adicalo a aprobar as facturas que non dispoñen de crédito no orzamento de 2012 : “material informático para centro servizos sociais, por importe de 1.228 euros e para a casa xuventude por importe 625,08 euros€”, “reurbanización camiño San Roque e de Laxe en Combarro, por importe de 16.726,74€”, e obras “pavimentación camiño en Lourido, por importe de 12.944,32 euros.”

Non suscitándose debate ningún e tras unha breve explicación do contido do expediente polo Concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos suspensivos formulados pola interventora Accidental no seu informe, por falta de crédito para levar a cabo a aprobación das facturas que figuran relacionadas no expediente así como por non haberse realizado modificación do contrato de obra “Reurbanización Camiño San Roque-Camiño de Laxe en Combarro-Poio” pola que se emite unha nova factura de obras executadas a maiores a empresa adjudicataria do contrato “Conmer Maside, S.L.” por importe de 16.726,74 € e que figura incluída na relación de facturas.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 9/2012, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 13.681,46 €.

Terceiro: Aprobar os cambios de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiación afectada que se expoñen a continuación: “Vertebración comercio urbano, importe 395,19”, “investimentos en saneamento. Importe 1.570,93”, “Subministro material eléctrico A Seca. Importe 72,77”, “Casa de cultura de Raxó. Importe 478,66”, “equipamento informático. Importe 45,35”, “investimentos en pavimentacións. Importe 118,92” investimentos rehabilitación muiños e lavadoiros. Importe 49,06”, “saneamento Rúa Oliveira, importe 9.676,86€; ”, “Pista deportiva de Raxó. Importe 1.398,94” “acondicionamento praza de Samieira. Importe 600,00”, “Asfaltado travesía da Escola. Importe 2.206,65”, “Mobiliario oficina de turismo. Importe 42,76€, e adicalo a aprobar as facturas que non dispoñen de crédito no orzamento de 2012 : “material informático para centro servizos sociais, por importe de 1.228 euros e para a casa xuventude por importe 625,08 euros”, “reurbanización camiño San Roque e de Laxe en Combarro, por importe de 16.726,74€”, e obras “pavimentación camiño en Lourido, por importe de 12.944,32 euros.

Cuarto: Someter o expediente á información pública mediante anuncio que se publicará no boletín oficial da provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno e de non formularse alegación ou reclamación ningunha no devandito prazo entenderase aprobada definitivamente.

Quinto: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3679.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 10/2012 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 21 de maio de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta da Providencia, Memoria e Proposta da Alcaldía de data 14 de maio de 2012 e do informe interventora accidental de data 14 de maio de 2012.

Motivado na Memoria da Alcaldía a existencia de remanente de Tesourería para gastos xerais derivada da liquidación do exercicio 2011 por importe suficiente para aprobar as mencionadas facturas co que se propón :” **Primeiro:** levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora accidental no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. **Segundo:** Darse por enterados da advertencia da interventora accidental, de que con esta modificación estase incumprindo o principio de prudencia contable por incorporar maior remanente que o importe da inestabilidade orzamentaria derivada da liquidación do orzamento de 2011. **Terceiro:** aprobar a modificación orzamentaria núm. 10/2012, na modalidade de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 235.000 €. **Cuarto:** unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os

interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno”.

A Comisión por 4 votos do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía.”

Non suscitándose debate ningún e tras unha breve explicación do contido do expediente polo Concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora accidental no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Darse por enterados da advertencia da interventora accidental, de que con esta modificación estase incumprindo o principio de prudencia contable por incorporar maior remanente que o importe da inestabilidade orzamentaria derivada da liquidación do orzamento de 2011.

Terceiro: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 10/2012, na modalidade de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 235.000 €.

Cuarto: Someter o expediente á información pública mediante anuncio que se publicará no boletín oficial da provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno e de non formularse alegación ou reclamación ningunha no devandito prazo entenderase aprobada definitivamente.

Quinto: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3680.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 11/2012 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 21 de maio de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 14 de maio de 2012 e do informe e certificación da interventora municipal de data 14 de maio de 2012.

Motivado na Memoria da Alcaldía a existencia de remanente de Tesourería para gastos xerais derivada da liquidación do exercicio 2011 por importe suficiente para aprobar as mencionadas facturas co que se propón :” **Primeiro:** levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. **Segundo:** aprobar a modificación orzamentaria nº11/2012, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 48.600€. **Terceiro:** unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno”.

O Sr. Moldes Martínez quere indicar a estrañeza de que existan facturas, na relación adxunta, do mes de maio de 2011 e que se presenten despois do mes de xaneiro de 2012.

A Comisión por 4 votos do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía.”

Tras unha breve explicación do contido do expediente polo Concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián comeza a quenda de deliberacións o Sr. Moldes Martínez, facendo referencia ás tres modificacións presupostarias cos que esgótase o remanente de tesourería que hai tres anos ascendía a 3 millóns de euros. Hai que ser cautelosos co gasto porque a pesar destes pagamentos existen aínda facturas que están sen pagar e intentar non realizar gastos puntuais, como pode ser no momento das eleccións, xa que hai facturas en pavimentacións que foron feitas cun mes de antelación á celebración das pasadas eleccións. Dende o seu

grupo vaise a apoiar os intentos de redución do gastos público, pero con coherencia.

O Sr. Barreiro Lubián pregúntalle se é unha felicitación por utilizar o remanente de tesourería, xa que hai tres anos o Partido Popular queixábase de que non se gastaba e da mala xestión, polo que agora que se utilizou dito remanente para facer fronte aos pagos, criticáanse as dúas posicións.

Hai facturas pendentes de pago pero tamén ingresos pendentes de cobro, a situación é moi diferente a que atopamos no ano 95. Tendes que ver pola veciñanza de Poio e non facer o que vos digan desde outra administración.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do PSOE-PSg para manifestar que o seu grupo apoia as modificacións tramitadas xa que debe pagarse aos provedores. Lembra como o reproche do Partido Popular hai cinco anos era que o goberno non era capaz de executar o orzamento.

Sinala ademais como no seno do consello de cultura apoiaron os recortes propostos e despois sae na prensa criticándoos.

Toma de novo a palabra o Sr. Moldes para responder á concelleira Consuelo Besada que lle pide que lle ensine as notas de prensa por que é non ten constancia de tal comentario. Engade que hai que priorizar gastos e investir en servizos básicos, e se utilizan o remanente de tesourería é porque non poden endebedarse máis. O seu grupo non se queixa de que se fagan pavimentacións se non das executadas non quince días de antelación ás eleccións municipais xa que necesidades suponse existen todo o ano. Son conscientes de que existen concellos que están mellor e outros en peor situación económica pero ao seu grupo interésalle o concello de Poio.

O Sr. Barreiro Lubián indica que cando se elixiron as obras para o Plan E o grupo municipal do Partido Popular querían incluír proxectos que eran competencia doutras administracións públicas, á Xunta. Por iso, consideran que arranxar prazas públicas supón incrementar a calidades de vida dos veciños de Poio. O concello incumpe a Lei de estabilidade presupostaria, máis hai que coñecer o seu contido xa que penaliza o aforro ou superávit en favor das entidades financeiras xa que hai que destinalo á amortización de débeda viva. E non están de acordo en que os cartos dos veciños de Poio teñan tal finalidade.

A Sra. Besada Lores declara que non so ela interpretou así a nota de prensa do Sr. Ángel Moldes senon que así o fixeron moitos veciños. Respecto do Plan E é certos que fixéronse prazas pero tamén solucionáronse problemas de abastecementos, pluviais (Ancar, Lourido ou na Seca) ou de saneamento. Co bipartito faciase un reparto máis equitativo dos fondos públicos pero con esta Xunta nos obrigan a facer fronte ao 50% en obras de saneamento, contando coa aprobación do grupo municipal do Partido Popular de Poio. En relación aos préstamos denuncia a actual situación que é obxecto dunha moción que será elevada á consideración plenaria na que se denuncia o tipo de xuro imposto polo Goberno do Estado.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria nº11/2012, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 48.600€.

Terceiro: Someter o expediente á información pública mediante anuncio que se publicará no boletín oficial da provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno e de non formularse alegación ou reclamación ningunha no devandito prazo entenderase aprobada definitivamente.

Cuarto: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3681.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN ESCOLA INFANTIL DO PEREIRO.- Dáse conta do expediente tramitado pola Unidade de Patrimonio e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 21 de maio de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do informe da secretaria municipal de data 18 de maio de 2012 e da proposta da Alcaldía de data 15 de maio de 2012 que di o seguinte:” O Concello de Poio é propietario do ben inmovible edificio cunha superficie construída de 54 m² ubicado na parcela de referencia catastral 4590618NG2949S0001RH de superficie total de 679 m², sito en rúa. Pereiro de Abaixo, 14 do lugar do Pereiro da parroquia de San Xoán, con cualificación xurídica de ben de servizo público, inscrito no Libro de Inventario de Bens da Corporación Local, asento 60 (alta no inventario segundo acordo do Pleno en sesión realizada o 10 de outubro de 1960) e destinado a escola infantil e actualmente en desuso co motivo do seu peche no ano escolar 2010-2011.

Considerando a necesidade de tramitar o correspondente procedemento de alteración de cualificación xurídica do ben anteriormente descrito, de conformidade co artigo 8 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais,

RESOLVO, propor ao Pleno Municipal, previo informe de oportunidade e legalidade pola Secretaría e os servizos técnicos, que proceda a tramitar o correspondente expediente de alteración da cualificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio destinado a Escola de Educación Infantil sito en rúa Pereiro de Abaixo, 14 converténdose o ben inmovible de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: **PRIMEIRO**. Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

SEGUNDO. Solicitar da Administración Autonómica (Consellería de Educación) a autorización correspondente para a desafectación do inmovible de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. **TERCEIRO**. Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes. **CUARTO**. Unha vez recibida e incorporada a autorización da administración autonómica considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo.

QUINTO. Cando o presente acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que sufriu o ben inmovible e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir este ben mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistras necesarias. **SEXTO**. Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes Acordos. ”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dazasete o seu número total de membros, ó abeiro do establecido no art. 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica desafectación do ben

inmóble edificio, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

Segundo.- Solicitar da Administración Autónoma (Consellería de Educación) a autorización correspondente para a desafectación do inmóble de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Terceiro.- Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cuarto.- Unha vez recibida e incorporada a autorización da administración autónoma considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo.

Quinto.- Cando o presente acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que sufriu o ben inmóble e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir este ben mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistradas necesarias.

Sexto.- Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes Acordos.

3682.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE MEDIOAMBIENTE.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 21 de maio de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 8 de maio de 2012 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: “ a) Dar comezo ós trámites para a creación do “Consello Municipal de Medioambiente” e b) Encher de contido esta mesa coas propostas, ideas e debates das diferentes asociacións e os grupos municipais.”

O Sr. Moldes Martínez di que todos os Grupos Políticos do Concello de Poio levamos nos nosos programas electorais a creación do Consello de Medio Ambiente e creemolo oportuno xa que vai ser un bo instrumento para que collan un pouco máis de protagonismo as Comunidades de Montes.

O Sr. Barreiro Lubián di que xa o intentaron hai anos e que precisamente foron as propias Comunidades de Montes as que non mostraron ningún interese por iso penso que non ten sentido polo menos en Poio pero non nos imos por en contra, podémolo intentar de novo.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dita moción e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Dar comezo aos trámites para a creación do “Consello Municipal de Medio Ambiente e encher de contido esta mesa coas propostas, ideas e debates das diferentes asociacións e os grupos municipais.

3683.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE, EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO.- Dáse conta do expediente tramitado pola Secretaría e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte en sesión realizada o 11 de maio de 2012 e que di o que segue: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudiantís partidos políticos...) constituíu a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 14/2012, publicado polo goberno do Estado, para esixir da Consellaría de

Educación que non aplique en Galiza ningún dos recortes contidos no RD Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galiza.

A Educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posibles. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estes recortes van supoñer, de levalos a cabo:

- Incrementar as ratios a 30 alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizado do alumnado e atender as necesidades educativas específicas, e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.

- Impor unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias, e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.

- Non substituír o profesorado de baixa. Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran até que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.

- Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato. Con graves consecuencias na formación do alumando, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato

que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursar os estudos desexados.

- Adiar a implantación de ciclos de formación profesional. Que prexudica gravemente as persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.

- Incrementar as taxas universitarias. Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo: Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.

A Presidenta somete a votación a Moción que é aprobada co resultado de 5 votos a favor (4 BNG + 1 PSOE), e 3 votos en contra (3PP), trasladando a continuidade da súa tramitación ó Pleno da Corporación.”

Toma a palabra a Concelleira Delegada de Educación dicindo que se creou unha Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, da que forman parte as ANPAS, organizacións sindicais, partidos políticos e máis colectivos para exixir que non se aplique en Galiza o real decreto aprobado polo goberno xa que invade competencias en materia educativa da Xunta de Galicia. Hai que garantir a igualdade na educación para todos e con estes recortes vaise a incrementar as ratios a 30 alumnos en educación infantil e primaria, 36 en secundaria e 42 en bacharelato, impor unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 en primaria e 20 en secundaria, non substituír o profesorado de baixa, eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato, adiar a implantación de ciclos de formación profesional e incrementar as taxas universitarias. Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2000 docentes. Por iso presentamos a moción para que non se aplique este real decreto e solicitamos a súa derogación.

A Sra. Besada Lores manifesta que está de acordo coa moción presentada e o único que se consegue coa aplicación deste real decreto e recortar na ensinanza, por iso, deberíamos votar a favor todos os grupos políticos, porque invertir en educación e invertir en futuro. Xa non é a primeira moción que se presenta na defensa do ensino público e o único que se consegue coa aplicacións destas normas é paralizar o sistema polo desgoverno.

O Sr. Moldes Martínez explica que a aplicación do real decreto non será de forma íntegra na nosa comunidade, xa que as ratios non se aplicarán en Galiza, soamente se vai incrementar a xornada lectiva en primaria, non se eliminarán as dúas opcións de bacharelato, seguirase apostando pola Formación Profesional, o incremento das taxas non será tanto en Galicia. En resumo, as medidas non van a ser tan agresivas en Galiza coa aplicación do real decreto. E con estas medidas o que se pretende é recortar o déficit.

O Sr. Barreiro Lubián di que coa aplicación deste real decreto o único que se conseguirá é crear un sistema educativo elitista, soamente para uns privilexiados, pero hai que ter en conta que a maioría da poboación non pertence a esa clase, por iso será aínda máis difícil acceder ao mercado laboral. Nos apostamos

por un sistema educativo público para todos. Estamos recortando en Sanidade, Educación... para despois axudar as entidades financeiras, coas cantidades que se están a falar, e que incrementarán.

O Sr. Martínez Blanco di que en base a Lei de estabilidade presupostaria, Europa marca 5 anos para a súa instauración e o presidente do goberno de España nun mes recorta nos piares básicos do estado de benestar, Educación, Sanidade e Servizos Sociais. Con estas medidas ponse en perigo moitos postos de traballo e que suporá despidos de profesores e funcionarios interinos.

Unha vez rematada a quenda de intervencións e sometido á votación a moción presentada, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.

3684.- URBANISMO, INFORME DE ALEGACIÓNS SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL NUM. 2 DO PXOM DE SANXENXO.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia do escrito remitido pola Xerencia Municipal de Urbanismo co Concello de Sanxenxo con data 30 de marzo de 2012 e que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 03 de abril de 2012, núm. 1762, no que se remite a documentación relativa á modificación puntual número 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo para, se procede, presentar as alegacións oportunas de conformidade co disposto no artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Constan no expediente informes técnicos emitidos pola Arquitecta Municipal con data 11 de abril de 2012, Informe do Asesor Xurídico de 16 de abril de 2012 e Secretaria Xeral de data 30 de abril de 2012 e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal: “Logo de ver o oficio remitido pola presidenta da Xerencia de Urbanismo do Concello de Sanxenxo o 03/04/2012 (entrada no Rexistro núm. 1762) ao respecto da modificación puntual nº2 do PXOM dese Concello, a técnico municipal emite o seguinte informe: ANTECEDENTES

Remítese para a fase de consultas ás administracións afectadas, segundo o artigo 85º.2) da Lei 9/2002, de 03 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a seguinte documentación:

Documento aprobado inicialmente o 26/03/2012 da modificación puntual nº2 do PXOM do Concello de Sanxenxo, redactado polo arquitecto municipal e dous licenciados en dereito e asinado en marzo de 2012.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Segundo se indica no documento, o obxectivo da modificación puntual é:

- Dar cobertura urbanística á figura dos “complexos inmobiliarios”
Y, en fin, en la STS de 31 de enero de 2000 habíamos señalado que "Distinta suerte, en cambio, debe merecer el segundo motivo de casación, formulado también, prescindiendo de adherencias innecesarias, de infracción de la jurisprudencia, representada en esta ocasión por las sentencias de este Tribunal de 10 de diciembre de 1992 y 30 de marzo de 1993 , en aplicación del artículo 120 de la Ley de Procedimiento Administrativo , «en cuanto a la subsistencia de los actos firmes dictados en aplicación de norma declarada nula», en este caso el Plan General de Ordenación Urbana de Sevilla. Decimos que procede la estimación del motivo, ya que esta Sala en las citadas sentencias referidas al Plan General de Ordenación Urbana de Madrid, pero aplicables también al presente supuesto, dada su identidad sustancial, ha declarado, tomando en consideración el artículo 86.2 de la Ley Jurisdiccional «que aunque en puridad de doctrina la declaración de nulidad de una disposición general, por ser de pleno derecho conforme a lo dispuesto en los artículos 47.2 de la Ley de Procedimiento Administrativo y 28 y anteriores de la Ley de Régimen Jurídico de la Administración del Estado, produzca efectos "ex tunc" y no "ex nunc", es decir, que los mismos no se producen a partir de la declaración, sino que se retrotraen al momento mismo en que se dictó la disposición declarada nula, esta eficacia, por razones de seguridad jurídica y en garantía de las relaciones establecidas, se encuentra atemperada por el artículo 120 de la Ley de Procedimiento Administrativo , en el que con indudable aplicabilidad tanto a los supuestos de recursos administrativos como en los casos de recurso jurisdiccional, se dispone la subsistencia de los actos firmes dictados en aplicación de la disposición general declarada nula, equiparando la anulación a la derogación, en que los efectos son "ex nunc" y no "ex tunc", si bien sólo respecto de los actos firmes, permaneciendo en cuanto a los no firmes la posibilidad de impugnarlos en función del ordenamiento jurídico aplicable una vez declarada nula la disposición general. (...)

No estará de más señalar, por otra parte, que este Tribunal Supremo ha tenido ya ocasión de pronunciarse, en infinidad de ocasiones, en relación con supuestos idénticos al actual, incluso referidos al mismo Plan General de Ordenación Urbana de Sevilla, y en todas ellas lo ha hecho en forma idéntica a la actual. Así en las sentencias, entre otras, de 26 de abril de 1996 y 19 de mayo y 23 de diciembre de 1999 , dictadas, además, la primera de un recurso de casación en interés de Ley interpuesto por la propia Gerencia Municipal de Urbanismo ahora recurrente, y la segunda en un recurso de casación para la unificación de doctrina. Todas ellas resueltas en el mismo sentido que la actual y en base a la misma interpretación del artículo 120 de la Ley de Procedimiento Administrativo ".

Tal e como reflicte igualmente o asesor xurídico no seu informe de 25 de marzo de 2012 trataríase de facer valer o así disposto xa con caracter previo no art. 73 da Lei 29/1998, de 13 de xullo e no actual art. 102.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común que reproduce o xa sinalado no art. 120 da Lei de procedemento administrativo.

Xa en datas recentes, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Segunda do contencioso-Administrativo, Sección Segunda, recurso número procedemento ordinario 4721/1999 m.q., dita auto con data 12 de abril de 2012, recoñecendo a causa de imposibilidade legal e declarando a completa execución da sentenza recaída no indicado procedemento con base a xurisprudencia de referencia e o disposto no devandito art. 73 da Lei 29/1998, de 13 de xullo:

"...

PRIMERO.- Se advertiú en el auto de 29.04.11 que la sentencia que se trata de ejecutar anuló el "Estudio de detalle para la ordenación del solar en la Avenida de Rosalía de Castro y calle Lucena de Carril" texto que goza de la naturaleza jurídica de disposición normativa y cuyo amparo se otorgó una licencia de edificación mientras ese instrumento mantuvo su vigencia, toda vez que la solicitud de suspensión interesada por la abogacía del Estado fue denegada por auto de esta sala de 25.05.00, confirmado por el de 21.06.00, aunque luego se dejó sin efecto al acogerse el recurso de casación por auto del Tribunal Supremo de 18.07.02, donde se razonó que si el estudio de detalla no se suspendía, la edificación que conlleva podía dar lugar a la edificación del solar y a la ocupación de 20 metros de zona de servidumbre del dominio público marítimo-terrestre, con la posibilidad de transmitir a terceras personas los inmuebles resultantes, con la dificultad aparejada a la reposición de las cosas a su estado anterior.

Pese a tan claro pronunciamiento, al amparo del estudio de detalle de 01.03.99 se otorgó la licencia de edificación el 11.10.99, fecha en la que todavía no se había llegado a interesarse la suspensión de aquél instrumento (se pidió en el otrosí de la demanda presentada el 20.01.00) y puesto que no consta que aquella licencia se hubiera impugnado, debe entenderse firme y consentida y se está en el caso de aplicar lo dispuesto en el artículo 73 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa, sobre la no afectación de la sentencia anulatoria de la disposición general sobre los actos singulares firmes que la hubieran aplicado (en igual sentido las SsTS de 08.07.92, 23.12.99, 14.11.04, 04.01.08 o 17.06.09, entre otras muchas); no obsta a lo indicado el hecho de que la licencia de primeira ocupación se haya otorgado el 30.09.02, aunque en esa fecha ya conocía la entidad local el ATS de 18.07.02 que suspendió la eficacia del estudio de detalle a fin de evitar la edificación del solar, como así se hizo legítimamente.

En definitiva, por las razones indicadas, y puesto que consta la publicación del fallo y sus consecuencias en el Diario Oficial de Galicia del 07.06.11 y en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra de 30.05.11, procede declarar ejecutada la sentencia y ordenar el archivo de estos autos.

.....".

b) Lexitimidade do solicitante: a dicción literal do mencionado art. 105.2º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, habilita ao representante procesal da Administración para poder solicitar a imposibilidade legal ou material do fallo, máis a partir do art. 104 da mesma norma, a xurisprudencia actual abre esta posibilidade interpretando o precepto dunha maneira ampla, extendédoa a todas aquelas partes que teñan intervido no proceso e persoas afectadas.³

Neste caso é o propio Concello de Poio o que instará a declaración xudicial de concorrencia de causa de imposibilidade legal e completa execución.

³ López García, Casimiro. El incidente de inejecución: cuestiones de legitimación y validez. **Diario La Ley**, N° 6785, Sección Doctrina, 24 Sep. 2007, Año XXVIII, Ref. D-200, Editorial **LA LEY**

Pese a que formal e competencialmente conforme á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección de medio rural de Galicia, corresponda a súa tramitación e aprobación a esta entidade local, o estudo de detalle anulado promoveuse por Inmobiliaria La Caeyra, S.A., afectado polo fallo, entre outros motivos, por canto como xa se expuso o Tribunal Superior de Galicia basa con carácter principal en canto primeiro motivo de impugnación pola Comunidade de Nontes Veciñais en Man Común de San Salvador, a falta de identidade entre a superficie documentada e aportada pola reiterada sociedade e a acreditada no expediente no que non se persona e polo tanto non desvirtúa (quere decir esta informante como motivo de impugnación a ela imputable).

c) Respecto do procedemento a seguir, en aplicación do mesmo criterio competencial que o asesor xurídico, corresponde ao Pleno en virtude do disposto no art. 22.2º.c) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, a aprobación definitiva dos estudos de detalle debendo ser por tanto éste órgano colexiado o que adopte acordo solicitando do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, a declaración de concorrencia de causa de imposibilidade legal de execución nos termos do art. 105.2º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, en orde á inexecución da sentenza e declaración de completa execución da ditada con data 29 de maio de 2008.

Presentada a solicitude polo representante procesal do Concello, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia abrirá un trámite de audiencia en favor das partes procesais e de todas aquelas persoas que motivadamente considere interesadas, ditando a continuación resolución na que declare na forma xa analizada se se acredita ou non a existencia de causa de imposibilidade legal de execución e polo tanto se así procede, de completa execución, fixando en caso contrario a forma en que debe procederse á levar a efecto o seu fallo. A decisión así adoptada tan so poderá ser recorrida en casación.

En atención ao exposto e as consideracións realizadas, esta informante considera que o Pleno se así o estima por oportuno, pode solicitar conforme ao art. 105.2º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, a declaración de concorrencia de causa de imposibilidade legal e completa execución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, da sentenza ditada con data 29 de maio de 2008, núm. 415/2008, procedemento ordinario 4314/2005, pola existencia de acto firme e consentido consistente no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada con data 13 de marzo de 2006, número 2544, polo que concedeu a Inmobiliaria La Caeyra, S.A., licenza urbanística para a proceder á construción de 17 vivendas na parcela 121, Boa Vista.”

Sometido á consideración do da Comisión Informativa de Urbanismo en sesión ordinaria celebrada con data 8 de maio de 2012, os seus membros ditaminan darse por enterados para os efectos do seu debate e resolución en Pleno.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal BNG e concelleiro delegado de urbanismo, Sr. Barreiro Lubián quen comenta cos membros corporativos presentes a finalidade do expediente tramitado en orde á depuración xurídica da situación creada para os efectos da concesión ulterior de licenza de primeira ocupación solicitada por Inmobiliaria La Caeyra, S.A., por non ter sido impugnado en tempo e forma o acordo polo que se concedeu licenza urbanística no ámbito de aplicación do estudo de detalle impugnado e anulado.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal PP, Sr. Moldes Martínez quen adiante o sentido contrario do voto de dito grupo por considerar que o expediente está afectado polo deslinde aínda non firme.

Pecha o debate o Sr. Barreiro Lubián para ratificar a súa primeira intervención por canto o acto de concesión de licenza urbanística será acto firme e consentido, existindo numerosa xurisprudencia que avalaría a solución proposta, tal e como se reflicte nos informes técnicos incorporados ao expediente.

Rematado o debate, en votación ordinaria, o Pleno da Corporación polo voto favorable por 10 votos a favor (8 grupo municipal BNG e 2 grupo municipal PSOE), 6 votos en contra do grupo municipal do Partido Popular e ningunha abstención, ó abeiro do establecido no art. 73 e 105.2º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa e os arts. 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar, a través do representante procesual do Concello neste recurso da Sala do Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección Segunda, que se tramite o incidente á que se refire o art. 105.2º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa, con audiencia a todas as partes, no que se aprecie a concorrencia de causa de imposibilidade legal de execución da sentenza número 415/2008, ditada no procedemento ordinario 4314/2005, por adquirir firmeza o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 2544, de 13 de marzo de 2006, polo que se concedeu a Inmobiliaria La Caeyra, S.A., para proceder á construción de 17 vivendas unifamiliares na parcela 121, de Boavista, e se declare a completa execución da referida sentenza.

3686.- URBANISMO, EXP. 105/2011.- DETERMINACIÓN DE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE CAMIÑO EN TARRÍO-SAMIEIRA, D. VICENTE BESADA LORES.- De conformidade co establecido no artigo 21 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, auséntase do Salón de Sesións a Concelleira do Grupo Municipal Socialista Dª. Consuelo Besada Lores e o Concelleiro D. Xosé Luís Martínez Blanco e a continuación dáse conta pola Secretaria presente na sesión do expediente tramitado a instancia de D. Vicente Besada Lores que mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o 06 de xullo de 2010 número de entrada 4001 solicita a determinación de camiño público dun vial sito en camiño Tarrío da parroquia de Samiera, aportando documentación gráfica.

Explica a continuación que se tramita como unha rectificación de erros no trazado de camiño na cartografía do PXOM e non como determinación de calificación xurídica de conformidade co propio ditame da Comisión Informativa de Urbanismo a cuxa consideración se elevou o expediente en sesión ordinaria realizada o 4 de outubro de 2011.

Constan así no expediente informes emitidos polo Enxeñeiro Municipal de data 30 de maio de 2011, Asesor Xurídico do Concello de datas 25 de maio de 2011, 21 de novembro de 2011 e 22 de maio de 2012, Secretaria Xeral de datas 03 de outubro de 2011 e 24 de maio de 2012 e informe emitido pola Arquitecta Municipal de data 23 de maio de 2012.

Obra igualmente o referido ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo de data 04 de outubro de 2011 en orde á iniciación dos trámites tendentes á rectificación do erro material no PXOM para os efectos de incluír dito camiño na planimetría do PXOM como camiño público de uso municipal e acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2011 propoñendo a súa remisión ao Pleno unha vez incorporada a documentación que se precise.

O Sr. Barreiro Lubián explica que o que se trata é de aprobar o traza de camiño na cartografía do PXOM do mencionado camiño que conleva a modificación dos palnos 0.6 e 0.9 do PXOM e que substituiría ao actual.

A Sra. Nieto García explica que ante as dúbidas xurdidas personáronse no lugar e tras varias conversas

cos veciños do lugar estes manifestan que non se trata dun camiño público senón dunha servidume de paso, por iso non vemos convinte a súa aprobación, deberíase dar audiencia aos veciños do lugar.

O Sr. Agís Gómez explica que o camiño aparece grafiado na cartografía de 1956, polo que nos pensamos que se trata dun camiño público.

A continuación, ábrese unha quenda de intervencións entre os distintos membros da corporación e escoitase á veciñanza presente na sesión e veciños do lugar.

Unha vez rematada as consideracións realizadas, o Sr. Alcalde explica que a proposta que se trae ao pleno é a de rectificación de erro no PXOM e será a que se somete a votación.

Rematado o debate o Pleno da Corporación e sometido a votación ordinaria, por 8 votos a favor (7 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e coa abstención da Concelleira D^a. Consuelo Besada Lores e D. Xosé Luis Martínez Blanco este asunto non se aproba, xa de conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local requírese maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos que afecten á tramitación e contido dos instrumentos de planeamento xeral como é o PXOM.

3687.- ESCRITO REMITIDO POLO PRESIDENTE DO APDR EN RELACIÓN Á MARCHA CONTRA CELULOSAS A REALIZAR O VINDEIRO 02 DE XUÑO DE 2012.- De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por Comisión informativa ningunha, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP.

Dáse conta á Corporación do escrito de data 03 de maio de 2012, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 07 de maio de 2012, núm. 2377 e remitido por Antón Masa actuando en calidade de presidente da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) na que solicita do Concello de Poio o apoio expreso e público á marcha contra celulosas a realizar o vindeiro sábado 02 de xuño.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou dito asunto adoptándose o seguinte acordo:

O concello de Poio consciente da problemática ambiental, social e económica que provoca a presenza do complexo CELULOSAS-ELNOSA no seu actual emprazamento, acorda:

Primeiro: Instar ao Goberno Central para que unha previsible modificación da Lei de Costas non supoña a prórroga da concesión máis alá do 2018 ás empresas do complexo industrial de Lourizán.

Segundo: Solicitar da Xunta de Galicia que faga cumprir a ENCE e ELNOSA o establecido nas respectivas autorizacións ambientais integradas e impida a súa permanencia en Lourizán máis alá das datas fixadas nas mesmas.

Terceiro: Expresar o apoio á MARCHA CONTRA CELULOSAS convocada pola Asociación pola Defensa da Ría para o sábado 2 de xuño e chamar á poboación deste Concello a participar activamente nesta mobilización reivindicativa.

3688.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE, EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS ADOPTADAS E QUE AFECTAN Á SANIDADE PÚBLICA E ÁS SÚAS PRESTACIÓNS.- Neste momento auséntase do Salón de Sesións a Concelleira D^a. Celeste Nieto García.

De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por Comisión informativa ningunha,, a que queda

aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) e 5 votos en contra do PP.

Neste momento entra no salón de sesións a Concelleira D^a. Celeste Nieto García.

Pola secretaria presente na sesión dáse conta aos membros da corporación do texto da moción conxunta do Grupo Municipal do BNG e do PSOE para a derogación do Real decreto lei 16/2012, de medidas urxentes que afectan á sanidade e as súas prestacións de data 22 de maio de 2012 asinada polas voceiras dos respectivos grupos municipais e presentada no Rexistro Xeral do Concello o día 23 de maio de 2012, número de entrada 2652 no que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando do pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno do Estado á derogación do Real Decreto Lei 16/2012 que, entre outras medidas inxustas, obriga ás persoas pensionistas a pagar as súas medicacións, prescritas polos seus médicos e médicas e totalmente necesarias para manter a súa saúde.

2. Instar ao Goberno do Estado a dialogar coas forzas políticas, cos axentes sociais, coas Comunidades Autónomas e coa FEMP para alcanzar un acordo que permita garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde mantendo os principios estabelecidos na Lei Xeral de Sanidade de 1986, no referido ao seu carácter universal e gratuíto, e no que se respecten as competencias propias das Comunidades Autónomas e se garanta un financiamento suficiente para os servizos sanitarios.

3. Instar á Xunta de Galiza a rexeitar a aplicación das medidas establecidas no RDL 16/2012 pola inxerencia que supoñen nas competencias exclusivas de Galiza e a tomar as medidas precisas na súa defensa.

4. Trasladar así mesmo este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

A Sra. Díaz Iglesias explica o contido da moción presentada e que unha vez máis o goberno ataca os piares do estado de benestar, o grupo de goberno está presentando continuamente mocións na defensa do noso sistema, e parece que soamente hai austeridade cando se fala de servizos públicos pero non cando hai que aportar cantidades desorbitantes ás entidades financeiras.

A Sra. Besada Lores di que as medidas van en prexuízo dos usuarios e usuarias e os estudos demostran que non se aforrará no sistema. Porque hai exemplos que o máis eficaz é a prevención non a curación. E agora coas sorpresas dos venres, non sabemos o que se vai pagar.

O Sr. Moldes Martínez explica que o copago funciona, demostrase coas declaracións de varias conselleira de comunidades autónomas do Partido Socialista e anteriores ministros de goberno (procede a dar lectura a varias destas). Hai que ser realista se queremos unha sanidade gratuíta e universal hai que facer esforzos.

O Sr. Martínez Blanco di que os membros do PP non creen nunha sanidade gratuíta e universal nin lendo os textos que vos mandan. O modelo da Comunidade Madrid e Valencia que era tan boa e agora son as culpables do déficit e do seu incremento. O modelo de Madrid foi apoiado polo actual presidente da Xunta de Galicia cando era Xestor e agora preténdese implantar. Estades tratando de convencer que non se pode soste a sanidade pública, pero ata o de agora si se puido, e cremos que se debe manter.

A Sra. M^a Alicia Martínez González sorpréndese das declaracións do Presidente da Xunta de Galicia que considera que facer camas e dar comidas aos enfermos non forma parte da “sanidade”.

O Sr. Agís Gómez di que o que se busca é unha sanidade e educación privada para o que poida, o copago é moi perigoso o caso claro é Portugal. No caso, de financiar ás entidades financeiras hai que financiar máis os nosos servizos públicos, e o partido socialista non apoia o sistema que quere implantar o Partido Popular.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións e sometido a votación ordinaria o texto da moción presentada este queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado á derogación do Real Decreto Lei 16/2012 que, entre outras medidas inxustas, obriga ás persoas pensionistas a pagar as súas medicacións, prescritas polos seus médicos e médicas e totalmente necesarias para manter a súa saúde.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado a dialogar coas forzas políticas, cos axentes sociais, coas Comunidades Autónomas e coa FEMP para alcanzar un acordo que permita garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde mantendo os principios establecidos na Lei Xeral de Sanidade de 1986, no referido ao seu carácter universal e gratuíto, e no que se respecten as competencias propias das Comunidades Autónomas e se garanta un financiamento suficiente para os servizos sanitarios.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a rexeitar a aplicación das medidas establecidas no RDL 16/2012 pola inxerencia que supoñen nas competencias exclusivas de Galiza e a tomar as medidas precisas na súa defensa.

Cuarto.- Trasladar así mesmo este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

3689.- ESCRITO DA ASOCIACION POLA DEFENSA DA RIA EN RELACIÓN ÁS FUMIGACIÓNS CON BIOCIDA “CASCAIS” PREVISTAS POLAS CONSELLERÍAS DE MEDIO AMBIENTE E DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA.- De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por Comisión informativa ningunha,, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Dáse conta á corporación do escrito de data 14 de maio de 2012 asinado por D. Benito Andrade González en nome da xunta directiva da Asociación pola Defensa da Ría (APDR) e que tivo entrada no Rexistro Xeral o día 22 de maio de 2012, número 2640 no que se informa das fumigacións aéreas anunciadas polas Consellerías de Medio Ambiente e de Medio Rural da Xunta de Galicia co biocida “cascais” que contén como principio activo o flufenoxurón prohibida a súa comercialización pola comisión Europea a partir do 01 de agosto de 2012 por ser tóxico, persistente, bio-acumulable e de elevado risco acuático así mesmo a directiva 2009/128/CE considera que a fumigación aérea debe prohibirse solicitando por parte do Concello de Poio que se sitúe publicamente contra estas fumigacións tan prexudiciais no ecosistema, na saúde das persoas, nos sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e na destrución de emprego e na actividade económica e social, así como facer o posible para evitalas.

Explica o contido do escrito o Concelleiro Sr. Agís Gómez, que foi remitido pola Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra no que se solicita o apoio do Concello en contra das fumigacións que se pretenden por parte da Concellería de Medio Rural e que causaría graves problemas no ecosistema e para a poboación en xeral

Por parte da Consellería non hai autorizada ningunha fumigación e estas novas desmentíronse nos medios de comunicación.

O Sr. Agís Gómez manifesta que ten coñecemento que hai zonas autorizadas e solicítase que se desautorice.

Unha vez rematada as consideracións realizadas o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Apoiar o texto remitido pola APDR e situarse en contra das fumigacións tan prexudiciais no ecosistema, na saúde das persoas, nos sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e na destrución de emprego e na actividade económica e social, así como facer o posible para evitalas.

3690.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE, SOBRE O TIPO DE INTERESE DOS PLANS DE AXUSTE.- De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser ditaminada previamente por Comisión informativa ningunha, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Pola secretaria presente na sesión dáse conta aos membros da corporación do texto da moción conxunta do Grupo Municipal do BNG e do PSOE sobre o tipo de interese dos plans de axuste de data 24 de maio de 2012 asinada polas voceiras dos respectivos grupos municipais e presentada no Rexistro Xeral do Concello o día 25 de maio de 2012, número de entrada 2692 no que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando do pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos: 1) Solicitar o Goberno de España a que se estableza un tipo de interese que sexa o adecuado aos tipos de interese os que se está financiando o Estado na actualidade, que este tipo de interese sexa fixo e que non supere o 5% previsto inicialmente polo goberno. 2) Solicitar que se arbitren novos prazos para aqueles concellos cuxos Plans de Axuste foron rexeitados polo Goberno ou que no seu momento non puideron presentalos. 3) Informar destes acordos ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Economía e Competitividade, ao Ministro de Facenda e Administracións Públicas e aos Grupos Políticos con representación no Congreso dos Deputados.

O Sr. Barreiro Lubián comeza a quenda de deliberacións manifestando que se trata dun pleno de recortes, no que se está a sacar de todos os ámbitos. O goberno de España, está a facer este tipo de negocios, prestan cartos ao 1% e os bancos ao 5% , e fan un plan de axuste de aplicación non que permiten que os concellos teñan que devolver o 4% aos bancos e esta actuación é permitida polo goberno. Temos que facer unha reflexión no que se refire a recortes servizos e incrementar as arcas dos bancos.

Neste momento auséntase de forma definitiva a Concelleira D^a. M^a Alicia Martínez González,

O Sr. Agís Gómez establece que os concellos cancelen débeda e senón poden que se endebeden cos bancos a través dos préstamos que temos que devolver a un 6%, é unha política absurda, aquí o único problema que hai que solucionar é o dos bancos.

O Sr. Moldes Martínez di que con este plan de axuste os provedores cobran o que lles deben ás administracións e que en moitos casos esta axuda cheda tarde, xa que hai empresas que tiveron que pechar pola débeda tan grande que lles debía a administración.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións e sometido a votación o texto da moción presentada este queda aprobada por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar o Goberno de España a que se estableza un tipo de interese que sexa o adecuado aos tipos de interese os que se está financiando o Estado na actualidade, que este tipo de interese sexa fixo e que non supere o 5% previsto inicialmente polo goberno.

Segundo.- Solicitar que se arbitren novos prazos para aqueles concellos cuxos Plans de Axuste foron rexeitados polo Goberno ou que no seu momento non puideron presentalos.

Terceiro.- Informar destes acordos ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Economía e Competitividade, ao Ministro de Facenda e Administracións Públicas e aos Grupos Políticos con representación no Congreso dos Deputados.

3691.- MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E POLO GRUPO DO BNG EN RELACIÓNS ÁS FUMIGACIÓNS MEDIANTE MEDIOS AÉREOS .- Previa ratificación de urxencia por nove votos a favor (7 grupo municipal BNG e 2 grupo municipal PSOE) e seis votos en contra (6 grupo municipal PP), de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da moción presentada e que fai referencia ás fumigacións aéreas anunciadas polas Consellerías de Medio Ambiente e de Medio Rural da Xunta de Galicia co biocida “cascais” que contén como principio activo o flufenoxurón prohibida a súa comercialización pola comisión Europea a partir do 01 de agosto de 2012 por ser tóxico, persistente, bio-acumulable e de elevado risco acuático así mesmo a directiva 2009/128/CE considera que a fumigacións aéreas deben prohibirse.

Tras unha breve explicación polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente Gregorio Agis Gómez da moción presentada polos dous grupos municipais, pola preocupación que existe polo uso destas prácticas e a pedimento dos distintos colectivos tráese a Pleno unha moción de rexeitamento ás fumigacións aéreas.

O Grupo Municipal do Partido Popular manifesta que están de acordo coa moción presentada pero non no acordo a adoptar xa que no mesmo solicítase que se “ rexeiten e paralicen estas prácticas de fumigación tan perxudiciais” e como a través de varios comunicados da propia Consellería estas prácticas non se levaron a práctica polo que aprobarían a moción no sentido se se cambia o texto do acordo a adoptar trasladando á Consellería o rexeitamento destas prácticas, a través da Corporación.

Non habendo oposición por parte dos membros da Corporación e aceptando a emenda ao texto presentada polo grupo municipal do PP sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar a Xunta de Galicia a rexeitar estas prácticas de fumigación prexudiciais para o medio ambiente e a saúde, e agarda que a a Consellería do Medio Rural e do Mar aplique sistemas biolóxicos.

Segundo: Trasladar así mesmo, este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias e aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

Terceiro: Pedimos que nestas medidas correctoras das fumigacións se impliquen o resto das Consellerías que como Sanidade ou Medio Ambiente tamén teñen algo que dicir, xa que está en xogo a saúde pública.

3692.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NUMERO 4/2012.- Previa de urxencia polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención iniciado mediante providencia da alcaldía de data 28 de maio de 2012 no que se pon de manifesto á necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de catro facturas do ano 2006, correspondente á empresa Documentación e Imagen del Noroeste, e que ascenden a un total de 434,58 €.

Consta no expediente informe de Intervención e Tesourería Municipal de data 29 e 28 de maio de 2012 e proposta da alcaldía de data 29 de xuño de 2012.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos 15 membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, este asunto queda aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal no seu informe de data 29 de maio

de 2012 por imputarse facturas do ano 2006 ao exercicio actual.

Segundo: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente total de 434,58 €.

Terceiro: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2011, vixente no exercicio 2012, os crédito mencionado con cargo ás aplicacións que correspondan (231.22000), nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS. - Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte dúas horas e corenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria, dou fe.